



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 3 prazas de Auxiliar de axuda no fogar. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

**Núm. Admvo. Expte:** 2023/E001/000011

**Expte. Decreto Núm.:** 2023/G003/000896

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondente a praza de estabilización de emprego temporal do Concello de Laxe incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativa a tres prazas de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, a través do sistema de selección de concurso de méritos, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm. 100 de 29 de maio de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose o anuncio da convocatoria no diario Oficial de Galicia núm. 123, do 29 e xuño de 2023 e no Boletín Oficial do Estado núm. 205, do 28 de agosto de 2023.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coa base 6º das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas,

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Aprobar a lista provisional dos/as aspirantes admitidos e excluídos/as no proceso selectivo antes referenciado, do xeito seguinte:

#### RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
Alborés Lema, Ana	***1770**	Non

#### RELACIÓN PROVISIONAL DE EXCLUIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego	Causa de exclusión
Álvarez Valiña, Luz	***5529**	Non	1
Martinez Martinez, Martina	***3228**	Sí	1

Causas de exclusión:

1.- Non achega a certificación negativa emitida polo Rexistro central de delincuentes sexuais.

A inclusión dos aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas bases aprobadas.

**SEGUNDO.** A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

De conformidade co disposto na base 5ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentación de reclamacións.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na listaxe publicada.

Mándao e asínao en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

O alcalde  
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora  
Asdo. Begoña Carrasco García